


A nosa vida...en positivo? VIII



MEMORIA DE AVALIACIÓN

TERCER TRIMESTRE: CEIP FONTIÑAS E CEIP
PLURILINGÜE MONTE DOS POSTE

**“PROXECTO DE EDUCACION SEXUAL”
2º edición**

Charla informativa a cargo de:

· Dona **Diana Luque Indiano** (Matrona do SERGAS
Centro Saúde Fontiñas)



Índice

	<i>Páxs.</i>
1. O proxecto “A nosa vida..., en positivo?” estaba fundamentado en	4
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	12
3. O desenvolvemento do proxecto	
3.1.- O inicio	14
3.2.- A “fase PRE”	
3.2.1.- A organización	15
3.2.2.- A difusión do proxecto	16
3.3.- A “fase DURANTE”	16
4. A avaliación de resultados	
4.1.- Como se fixo a avaliación?	18
4.2.- Avaliación cualitativa	19
4.3.- Suxestións para vindeiras edicións	21
5. A modo de resume	
5.1.- A actividade en imaxes	23
5.2.- Os soportes documentais	32



I.- O proxecto "A nosa vida..., en positivo?"
estaba **FUNDAMENTADO...**





Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse por un sólido percorrido da rede comunitaria, a través do Plan de Desenvolvemento Comunitario que naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen cabida varios programas e proxectos que seguen este fío condutor da mellora social. Nesta ocasión, a 7ª edición do Proxecto **A Nosa Vida... en Positivo?**, sobre vulnerabilidade dos adolescentes, retoma un formato xa experimentado en edicións anteriores coa charla informativa de profesionais do ámbito sanitario para abordar o tema da educación afectivo sexual.

Nestes tempos as entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas, adoptamos unha perspectiva de traballo coordinado, en rede, que non obviou a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incide nos ámbitos preventivos e de integración.

No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención co colectivo infanto-xuvenil, polas circunstancias sociais¹ que caracterizaban á zona, e co obxectivo claro de tentar mellorar as situacións familiares e as circunstancias sociais que afectaban a este grupo de idade. Liñas de intervención dirixidas a frear o absentismo escolar e a mellorar a convivencia nas familias e

no contorno comunitario foron os alicerces das denominadas xuntanzas de barrio.



Pero en Fontiñas, ó longo da súa existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Na pirámide poboacional, o colectivo de maiores creceu considerablemente repercutindo de forma negativa no reemprazo xeracional, o colectivo de persoas maiores irrompe con forza no

espectro social. As condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social. Fontiñas caracterízase pola súa

¹ Ao longo desta andadura, realizáronse tres estudos e diagnósticos comunitarios co fin de coñecer a realidade social do barrio, unha detección precoz de necesidades, un rexistro de recursos e un priorización de liñas de intervención.


Fonte III Diagnóstico Comunitario, levado a cabo no ano 2015, onde podemos constatar que os menores representan o 15,7 % da poboación de dereito do barrio e os maiores xa supoñen o 14,2 %. Estes datos desglósanse polo miúdo a continuación.

Mais información na rede comunitaria do barrio de Fontiñas, na web www.compostelaintegra.org



accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que é un dos barrios que conta con maiores elementos e factores que facilitan a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade.

Gráfico nº 1: **Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable idade.**



Retomando a idea expresada do parágrafo anterior, o remprazo xeracional comeza a verse afectado ao alcanzar o colectivo dos mais novos, 12.34% da poboación e o dos maiores, o 21.88 %, existindo unha diferenza entre ambos de tan só o 9,54 %.

Fonte: Memoria Servicios Sociales ano 2020; datos do Padron Municipal.

Nesta ocasión será o colectivo de **poboación infanto-xuvenil** do barrio o destinatario da actividade, contando ademais coa colaboración da matrona do centro de saúde de Fontiñas e os departamentos de orientación dos CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, e IES Antonio Fraguas.

En Fontiñas, un barrio consolidado, cunha importante traxectoria vital, fíxose necesario que as entidades socioeducativas da zona fixeramos unha “parada no camiño”, na que se puidera reflexionar sobre a realidade social do barrio, as súas necesidades actuais, as súas potencialidades (que tamén as hai) e as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.

Realízase así, por parte da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), o *III Diagnóstico Comunitario*² da zona (ano 2015), contando coa estreita colaboración de tódalas entidades educativas, sanitarias e sociais do barrio, e dando cumprimento ao establecido no art. 11.b da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: a elaboración dun plan de intervención comunitario, acorde coas necesidades detectadas no diagnóstico social.

² Pódese visualizar e consultar o Diagnóstico Comunitario de Fontiñas na web municipal www.compostelaintegra.org



Gráfica nº 2: A realidade social no barrio de Fontiñas.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.

En consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na **intervención conxunta, en rede**, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:


Gráfica nº 3: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, xullo 2015.



Gráfica nº 4: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.



E con estes proxectos ó longo dos anos foron engadíndose ámbitos de intervención que pretendían traballar, basicamente, estes aspectos:

Gráfica nº 5: Eixes que inspiran a intervención comunitaria no ano 2015.



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2015.



Polo tanto, nesta nova edición de *“A nosa vida... en positivo?”* trataremos de conxugar por unha banda, as peticións dos participantes en edicións anteriores, trasladadas nas diferentes avaliacións dos proxectos comunitarios previos, e pola outra, a necesidade observada dende o centro de saúde e os departamentos de orientación dos centros educativos do barrio.

Ambas razóns sustentan a continuidade destas accións. Por outra banda, temos en conta as reflexións de profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos de tanto calado, como pode ser nesta ocasión a educación afectivo sexual. A isto únese a potencialidade de contar coa colaboración desinteresada de profesionais do ámbito da saúde. Polo tanto, á forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, que nos permite coñecer opinións, intereses e inquedanzas dos participantes, únese a necesidade e oportunidade de abordar novas temáticas de indubidable interese. Por iso, tratamos de darlles unha resposta, con novas edicións de proxectos comunitarios é intervir con rigor e tecnicamente.

A Educación Afectiva -Sexual representa un aspecto de gran importancia na formación integral dos nenos e nenas, porque máis aló do coñecemento puramente biolóxico, explica procesos transcendentais como a construción da identidade de xénero e as relacións afectivas no ámbito da nosa cultura. Debe ser concibida como o conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes que deben darse en función de cada momento vital. A Educación Sexual é unha demanda social, baseada no dereito dos neno, nenas e adolescentes a ser informados sobre este tema. Esta información debe ser completa, rigorosa, técnica e obxectiva tanto a nivel biolóxico, psíquico e social, entendiendo a sexualidade como comunicación humana fonte de saúde, pracer e afectividade.

Entendemos por saúde sexual o estado de benestar físico, emocional, mental social relacionado coa sexualidade. Non se trata só da ausencia de enfermidades, tamén engloba o respecto aos dereitos sexuais de todas as persoas para que poidan vivir a súa sexualidade en plenitude.

A educación sexual debe ser unha ferramenta necesaria para fomentar o coñecemento da nosa propia sexualidade, o respecto a diversidade sexual e hábitos saudables con respecto ao sexo e a sexualidade das persoas., as cales se debe abordar forma transversal a idades temperas.

Ben, pois tendo presente todo isto, dende o PASS Fontiñas (Concellería de Políticas Sociais e Saúde) e a matrona do centro de saúde, contando coa colaboración das restantes entidades do barrio e recollendo ese *“testemuño”* lanzado polo propio alumnado, preténdese levar a cabo novamente o proxecto formativo **“A nosa vida..., en positivo?; 7ª Ed.”**, dirixido a poboación infanto-xuvenil do barrio, coa finalidade da educación afectivo sexual.



Gráfica nº 9: Trazos de identidade do proxecto comunitario “A nosa vida..., en positivo?”.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.

Este proxecto, cun claro enfoque preventivo, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- ✦ **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:**
 Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociadas.
- ✦ **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.

Gráfica nº 10: Fins da intervención comunitaria.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2015.

Será un proxecto que se fundamenta tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.



No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas de risco na poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a poboación infanto-xuvenil, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións na prevención.

O ámbito educativo como pilar fundamental da comunidade educativa, insiste nos moitos aspectos que unha actividade formativa destas características pode desenvolver, a nivel xeral, todos aqueles elementos relacionados co proxecto educativo do centro (PEC) como son a convivencia, a apertura ó contexto, a realidade plural, ...integrados nunha forma ampla e flexible de entender a educación. O marco legal educativo precisa a necesidade de poñer en marcha proxectos e medidas que aseguren a igualdade. Así, no Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de Xuño de Convivencia e Participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, di claramente que a convivencia nos centros debe orientarse “a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”.

No Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan no seu apartado “m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenrolo persoal e social”. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente contribuindo á súa conservación e mellora.

No Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu artigo 24, apartado 2 di: “ Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres”.




Para a consecución dos obxectivos formulados, vólvese fundamental elaborar estratexias socioeducativas que aborden diferentes temáticas, entre elas, a educación sexual. A sexualidade é unha condición indisoluble do ser humano que nos fai únicos e particulares. Nunha etapa de cambios como é a puberdade, é importante que mozos e mozas conten coas ferramentas e instrumentos precisos que os acompañen e axuden no seu propio proceso de identificación sexual.


No Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, nos contidos do Terceiro ciclo o Bloque 1 Recolle os seguintes aspectos a traballar:

- Identificación dos diferentes aparatos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.
- Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e das diferenzas entre sexos, identificando, a grandes rasgos, en qué consiste a fecundación e os procesos que se dan durante o embarazo, parto e nacemento dun ser humano, e apreciando na sexualidade humana a función afectiva e reprodutora.

Gráfica nº 11: A repercusión social dos proxectos comunitarios.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.



**II.- E co proxecto pretendíase
acadar os seguintes obxectivos...**



- **Xeral:**
 - Incrementar o nivel de coñecemento, habilidades e desenvolvemento de actitudes que contribúan a elevar o nivel de saúde sexual da poboación infantoxuvenil, contribuíndo a diminuír as condutas de risco .

- **Específicos:**
 - Adquirir coñecementos básicos acerca de aspectos biolóxicos, psíquicos e sociais.
 - Promover unha identidade sexual libre de elementos de xénero discriminatorios, entendendo a sexualidade como unha realidade positiva e desenrolando hábitos, actitudes e condutas saudables en torno a la sexualidade.
 - Establecer diálogo e comunicación sobre sexualidade no grupo de iguais, na familia e na escola; desenrolando un vocabulario preciso e no discriminatorio.



III.- O desenvolvemento do proxecto...



III.1.- O INICIO.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo o presente proxecto xurdiu nunha xuntanza de barrio, recollese a demanda expresada polas matronas a traballadora social do centro de saúde de Fontiñas que concordaba coas observacións realizadas polo profesorado e trasladadas as orientadoras dos devanditos centro. A experiencia realizada no curso pasado, xunto coa valoración satisfactoria e a dispoñibilidade dos profesionais de saúde motivaban o deseño e desenvolvemento do proxecto.

Por outra banda, temos en conta as reflexións de profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos de tanto calado, como pode ser nesta ocasión a educación sexual. Polo tanto, á forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, que nos permite coñecer opinións, intereses e inquedanzas dos participantes, únese a necesidade e oportunidade de abordar novas temáticas de indubidable interese.

A **actuación** foi a seguinte:

III.2.- A FASE PRE.


III.2.1.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “papeis”:

- ▣ **Elaboración do proxecto:** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- ▣ **Contacto coas poñentes** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela). Tendo en conta a dispoñibilidade das poñentes, so se conta cunha das matronas motivado pola baixa maternal dunha destas, acórdase centrar esta edición no ciclo de primaria.
- ▣ **Contacto cos centros educativos (Primaria):** a cargo da educadora do PASS Fontiñas.
- ▣ **Xestión do espazo e equipamento:** a cargo das orientadoras dos diferentes centros educativos.
- ▣ **Cartel para a difusión:** Considerouse procedente continuar a utilizar o cartaz das anteriores edicións do proxecto, como sinal identificativo do mesmo, lembrando que



foi elaborado pola M^a Dolores Sanz (antiga orientadora do IES Antonio Fraguas).
 Modificacións do cartaz a cargo da educadora do PASS Fontiñas.

-  **Elaboración da memoria:** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas (Traballadoras Sociais e educadora Social- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

III.2.2.- A difusión do proxecto.






Os destinatarios iniciais da actividade era o alumnado de 5º e 6º de primaria dos Centros de educativos do barrio (CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes):

- a) Alumnado de 5º primaria do CEIP Fontiñas (3 Grupos).
- b) Alumnado de 5º primaria do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes (2 Grupos).


A actividade foi difundida polas orientadoras dos respectivos centros educativo xunto co profesorado titor dos devanditos grupos.

III.3.- A FASE DURANTE

Inicialmente estaba prevista a realización das seguintes sesións:

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
Charla-coloquio	<ul style="list-style-type: none">  2 de maio de 2023 de 12:00 a 14:00 (2 grupos) 	CEIP Plurilingüe Monte dos Postes	<ul style="list-style-type: none">  Alumnado de 5º (2 grupos) Total 50 alumnos.
Charla-coloquio	<ul style="list-style-type: none">  14 de abril de 2023 de 12:00 a 14:00 (2 grupos)  5 de maio de 13:00 a 14:00 (1 grupo) 	CEIP Fontiñas	<ul style="list-style-type: none">  Alumnado de 5º de primaria (2 grupos). Total 50 alumnos.

Nembargantes por causas sobrevidas a poñente das charlas so se puido realizar a actividade cun grupo de quinto curso do CEIP Fontiñas. Recóllense de seguido as valoracións e achegas realizadas por estes alumnos.



IV.- A avaliacion dos resultados...



IV.1.- COMO SE FIXO A AVALIACIÓN?

Unha vez mais, en consonancia con outros proxectos comunitarios xa realizados, considérase de especial relevancia a realización dunha avaliación participativa, que é sinónimo de rigor e é básica para plantexar, no futuro, outras accións que sexan de interese para a comunidade. A metodoloxía para a realización de avaliación foi basicamente a seguinte:

- a) Realizouse unha avaliación inicial do contexto xeográfico e social no que se desenvolve o proxecto. É contextualizado na realidade social e territorial do barrio de Fontiñas; realízase así unha descrición da súa realidade social, en canto a número de habitantes, estruturación por colectivos de idade, movementos poboacionais, condicións de vivenda, diversidade cultural e socioeconómica dos seus habitantes e as principais problemáticas sociais que imperan na zona.

Vincúlase o proxecto co III Diagnóstico Social³, elaborado no ano 2015 cun enfoque comunitario, tendo en conta a mencionada realidade social e o aproveitamento da potencialidade e da oportunidade⁴ derivada dunha intervención comunitaria consolidada e estable no tempo. Así, é relacionado con dúas liñas de intervención que se consideran básicas na zona:

- Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario: Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociadas.
- Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario: Actividades de convivencia comunitaria.

- b) Prográmase igualmente a realización da avaliación pormenorizada da implementación do proxecto, describindo as fases do seu desenvolvemento:

- ☞ A fase “inicio”: de quen partiu a iniciativa (Traballadora social do centro de Saúde de Fontiñas), a redefinición da mesma (coas aportacións das técnicas do PASS Fontiñas), xuntanzas de organización, etc.
- ☞ A “fase PRE-”: concretar e darlle forma á idea, a difusión, a distribución de roles, os contactos cos poñentes, etc.
- ☞ A fase “durante”: a implementación do obradoiro.

E podemos constatar como o proxecto incide en distintos ámbitos:

- ☞ Na prevención, tanto na de índole primario (coñecemento / información) como na secundaria (minguar factores de risco).

³ Mais información na web www.compostelaintegra.org

⁴ GONZALEZ SANTIAGO, Eva María e VIQUEIRA PÉREZ, María Jesús. II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (ano 2012). Documento que consta no apartado de “Documentación da rede do Barrio de Fontiñas” dentro da web www.compostelaintegra.org . Ver páx. 97: DAFO das entidades comunitarias.



☞ Trabállase dende a propia realidade, realidades sociais próximas que nos rodea.

c) E tamén se realiza unha avaliación de resultados, dende unha óptica cualitativa:

A avaliación é concebida neste proxecto como unha ferramenta que evidencia os obstáculos que apareceron no camiño, pero tamén as potencialidades que xurdiron, polo que debe permitir a construción de novos escenarios, que probablemente se van materializar en futuros proxectos de intervención conxunta e mostrándose como unha avaliación non é o final dun proceso, senón un punto e seguido nas iniciativas comunitarias, que incluso as reforza e potencia.

É obrigado dar a coñecer á comunidade os resultados da implementación do proxecto, polo que o informe final de avaliación será incorporado no apartado de documentación da web www.compostelaintegra.org

Levase a cabo una avaliación cualitativa, a través da análise do cuestionario que se lle pasou ao alumnado participante, e que fan referencia a:

	ASPECTO A AVALIAR	INDICADORES
AVALIACIÓN CUALITATIVA	Valoración do alumnado, a través da enquisas:	Grao de utilidade da información recibida
		Exposición dos contidos
		Propostas de mellora e suxestións

IV.2.- AVALIACIÓN CUALITATIVA.

A avaliación cualitativa realizada polo alumnado de quinto curso do CEIP Fontiñas foi a seguinte:

Ítem analizado: "A sesión foi entretida".

PUNTUACIÓN	"PROXECTO EDUCACION SEXUAL"	
	Nº	%
1	0	100%
2	0	100%
3	1	4.3%
4	5	21.7%
5	17	73.9%
TOTAL CUESTIONARIOS	23	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado, volcado e análise estatística realizada polas técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).



Ítem analizado: "Utilidade dos contidos".

PUNTUACIÓN	"PROXECTO EDUCACION SEXUAL"	
	Nº	%
1	0	100%
2	0	100%
3	3	13.04%
4	11	4.78%
5	19	82.68%
TOTAL CUESTIONARIOS	23	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polas Técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Gustaríame saber mais sobre este tema".

PUNTUACIÓN	"PROXECTO EDUCACION SEXUAL"	
	Nº	%
1	0	100%
2	2	8.69%
3	4	17.39%
4	7	30.43%
5	10	43.47%
TOTAL CUESTIONARIOS	23	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polas Técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "A exposición dos contidos foi clara".

PUNTUACIÓN	"PROXECTO EDUCACION SEXUAL"	
	Nº	%
1	0	100%
2	0	100%
3	6	26.08%
4	6	26.08%
5	11	47.82%
TOTAL CUESTIONARIOS	23	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polas Técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes".

PUNTUACIÓN	"PROXECTO EDUCACION SEXUAL"	
	Nº	%
1	0	100%
2	2	8.69%
3	4	17.39%
4	3	13.04%
5	14	60.86%
TOTAL CUESTIONARIOS	23	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polas técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).



Dos cinco ítems analizados, considérase de especial importancia a análise de dous deles: a reflexión que provocou a actividade e a utilidade dos seus contidos para a vida diaria do colectivo infantoxuvenil, considerando que a información é a ferramenta básica para a toma de decisións adecuada, exenta de dis funcionalidades e que favoreza a convivencia positiva, tanto no eido intrafamiliar, co grupo de iguais e no contorno comunitario.

En liñas xerais, a avaliación do proxecto foi satisfactoria, con puntuacións superiores a 4, nun intervalo de 1 a 5.

Cabe salientar o coloquio xerado a raíz da exposición da poñente, destacar as numerosas preguntas realizadas polos asistentes, a interactividade xerada, o enriquecedor das achegas e reflexións efectuadas pola poñentes como polo alumnado, a curiosidade expresada polo alumnado, a manipulación dos elementos.... aspectos que nos permiten valorar esta acción formativa de forma positiva.

Destacar o carácter manipulativo da actividade, poder tocar e coñecer de primeira man os medios existentes para o períodos menstruais favorece a familiaridade e a promoción do seu uso.

A ficha de avaliación recollía un apartado no que rexistrar novos intereses que servirán de base para o deseño de futuras intervencións. Refléxanse algunhas das achegas manifestadas:

Temas que me gustaría traballar:
El embarazo

Temas que me gustaría traballar:
Mais sobre todo os cambios da muller.


Temas que me gustaría traballar:
Saber máis sobre sobre os riles

Temas que me gustaría traballar:
Gustaríame traballar un tema sobre os animais, e o seu cuidado.

Temas que me gustaría traballar:
De onde sale o leite das peitos das mulleres.

Temas que me gustaría traballar:
Como pónse un condon
Como se fai un fillo

Temas que me gustaría traballar:
Gustaríame saber máis sobre a regla e o embarazo.



V.- A modo de resume...



Fase previa:



A actividade en imaxes:

➤ **CEIP FONTIÑAS**











- ANEXO I: Ficha de avaliación.

Puntuaranse as seguintes cuestións, de tal xeito que o número 1 sexa “totalmente en desacordo”, mentres que o 5 “totalmente de acordo”

ÍTEMS	PUNTUACIÓN
A sesión foi entretida.	1 2 3 4 5
Tratáronse temas útiles para o meu día a día.	1 2 3 4 5
Gustárame saber máis sobre este tema.	1 2 3 4 5
A exposición dos contidos foi clara.	1 2 3 4 5
A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes.	1 2 3 4 5
Algo que me gustaría traballar:	



Moitas gracias a **Diana Luque**, matrona do SERGAS no centro de saúde de Fontiñas, pola súa inestimable colaboración para o desenvolvemento deste proxecto.



Documento elaborado por:

Ana Belen Viña Quintas, traballadora social da PASS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Bibiana Suárez Juncal, traballadora social da PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

Margarita Vázquez Teo, Educadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).